

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	9
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.....	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.....	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.....	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Outubro 2015.....	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	17
5.3.	Días de chuvia en outubro de 2015.....	18
5.4.	Evolución da precipitación en outubro de 2015.....	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR.....	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS.....	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 27-11-2015

Mes lixeiramente cálido e húmido en xeral.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro tivo grandes oscilacións entre borrascas e anticiclóns, como corresponde a un mes de transición entre os meses de verán e os meses de outono, pero os episodios de chuvia, aínda que illados, foron o suficientemente intensos para acumular máis chuvia da normal neste mes. Estes episodios foron debidos, agás o de final de mes, a borrascas que se desprazaron ao sur da península Ibérica, de xeito que as masas de aire que impulsaban eran cálidas e polo tanto as temperaturas eran elevadas a pesar da inestabilidade e a chuvia.

O mes comezou con 3 xornadas tranquilas de anticiclón, con tempo seco, vento en calma e temperaturas suaves. Pero na xornada do día 4 unha borrasca comezou a achegarse dende o Atlántico gañando forza rapidamente e deixando un importante e brusco empeoramento nas condicións meteorolóxicas. Nas horas diúrnas o protagonista foi o vento, con refachos que en numerosos puntos da costa e zonas altas e expostas do interior superaron os 100 km/h. Xa nas derradeiras horas do día o paso dun sistema frontal activo e a chegada dun río atmosférico moi cargado de humidade deixaba chuvias persistentes e de intensidade moderada.

Este episodio de fortes chuvias tiveron continuidade na seguinte xornada do día 5 polo que as precipitacións acumuladas entre os días 4 e 5 explican practicamente a metade da chuvia acumulada durante todo o mes.

Na xornada do 6 aínda rexistráronse algunhas chuvias, pero de menor intensidade e as altas presións entraron de novo na Comunidade, aportando estabilidade. Isto deixou un período entre o 7 e o 9 de tempo estable, seco, soleado, con importantes descenso das temperaturas mínimas, pero máximas moi suaves.

A situación foi de novo empeorando na tarde do 9, e nas seguintes 3 xornadas a Comunidade galega sufriu a chegada dos restos da tormenta tropical Joaquín que se localizou ao oeste da Lisboa. Afortunadamente chegou bastante debilitada, pero foi suficiente para deixar 3 días de ceos anubrados, chuvias intermitentes, con temperaturas suaves en xeral, tanto as mínimas como as máximas.

O día 12 foi de transición, con nubes e chuvia pola mañá e ceos máis abertos pola tarde, quedando nun área anticiclónica entre o 13 e o 16. Pero de novo na tarde do 16 a situación comezou a cambiar e tivemos os días 17, 18 e 19 un centro de baixas presións entre Azores

e a península Ibérica que deixou xornadas de nubes, chuvias, pero de novo temperaturas suaves.

As altas presións volveron sobre Galicia no período entre o 20 e o 25, aínda que na xornada do 24 un sistema frontal pouco activo logrou achegarse a Galicia e deixar un día de nubes e chuvias, en xeral de carácter feble e intermitente.

Os derradeiros días do mes, entre o 26 e o 30, a situación xa foi máis propia do outono, cunha borrasca localizada ao oeste de Irlanda, deixando un tempo caracterizado polos ventos do suroeste e as chuvias de carácter persistente e bastante xeneralizadas. Neste período a borrasca tivo un comportamento máis típico, con oscilacións de temperatura que provocaban importantes baixadas nas termómetros, tal como sucedeu nas xornadas do 27 e 28 logo do paso dunha fronte fría bastante activa na xornada do 26.

A fronte da tarde-noite do 28 e as primeiras horas do 29 foi aínda máis activa e deu lugar a avisos amarelos por vento e chuvia en diferentes lugares de Galicia.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión en superficie (figura 1) reflicten a situación xeral do mes, posto que vemos presións máis baixas do habitual entre Azores e a península Ibérica o que explica que as borrascas chegarán algo máis ao sur do habitual con aire cálido. Tamén se ven as altas presións reforzadas con centro na península escandinava. Estas altas presións tamén se poden ver nas anomalías de presión a 500 hPa (figura 2), mentres que non é tan marcado no caso das baixas ao oeste de Galicia.



**Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar.
Outubro 2015**




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

**Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa.
Outubro 2015**




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-TorreHércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-A Granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	OUTUBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	16.5	15.7	18.8 (2014)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	13.6	12.6	15.4 (2014)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	8.8 (día 3)	6.0 (19/10/1992)		
T ^a mínima máis alta	17.8 (día 5)	19.6 (07/10/2012)		
T ^a máxima media	19.4	18.7	22.1 (2014)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	24.3 (día 9)	31.5 (02/10/2011)		
T ^a máxima máis baixa	15.4 (día 27)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	123	81-107	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015

**SANTIAGO**

	OUTUBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.9	14.7	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	11.1	10.5	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	5.4 (día 3)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	15.6 (día 5)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	18.8	19.0	22.7 (2011)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	24.1(día 17)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.1(día 27)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	199	146-180	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes normal tendo en conta as medias da temperatura máxima e media, mentres que para a mínima o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia foi o agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	OUTUBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.9	13.1	16.0 (2014)	9.3 (1974)
Tª mínima media	9.0	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	3.6(día 3)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 5)	19.0 (25/10/1988)		
Tª máxima media	18.8	17.7	23.1 (2011)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	25.1 (día 17)	31.7 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.8 (día 27)	10.8 (22/10/1987)		
Precipitación acumulada	168	97-120	367 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	13	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é moi superior ó rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido. Así mesmo o número de días de chuvia foi lixeiramente superior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	OUTUBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.6	15.0	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	12.2	10.1	13.8 (2014)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 15)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	18.0 (día 5)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	21.0	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	27.1 (día 17)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.2 (día 27)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	183	158-200	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	14	12	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable.

O número de días de chuvia é lixeiramente superior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1958-2015. Temperatura: 1958-2015

OURENSE

	OUTUBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.7	15.1	18.2 (2014))	11.6 (1974)
Tª mínima media	9.9	9.2	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	4.8 (día 15)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	16.9 (día 5)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	21.4	20.9	25.9 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	27.9 (día 17)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.2 (día 28)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	138	70-89	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	12	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido.

O número de días de chuvia tamén foi superior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1973-2015. Temperatura: 1972-2015

4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral algo por riba do normal nun mes de outubro. Esta anomalía ten que ver coas altas temperaturas que se rexistraron nos períodos anticiclónicos, pero tamén nos períodos de borrasca, agás no episodio dos últimos días do mes. As borrascas que foron chegando en xeral localizábanse ao sur de Galicia e polo tanto achegaban aire cálido.

4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 17.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña de Ourense e Lugo, (entorno aos 10°C) e os valores máis altos (entorno aos 22°C) rexistráronse principalmente no sur da provincia de Pontevedra e nas comarcas do Ribeiro e Ourense.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2015.



4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 9.2 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no sur da comarca da Limia e nas zonas máis altas da provincia de Ourense (preto de 4°C) e os máis altos (próximos aos 16°C) na comarca de Vigo, e na península do Morrazo.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2015.



4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de outubro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 0.9 °C, polo que o mes considérase cálido, pero moi preto da normalidade. A totalidade da Comunidade acadou valores por riba dos normais, aínda que na maior parte das zonas estes valores foron próximos aos agardados. As zonas con anomalías máis altas estiveron entorno aos 2 °C por riba da media.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de outubro respecto ao período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As anomalías máis altas de temperatura acadáronse principalmente nas comarcas de Sarria e Os Ancares, onde o mes considérase cálido, con máis de 1.5 °C de anomalía positiva..

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	2.0
Gondomar	Pontevedra	1.9
Tui	Pontevedra	1.9
Nogais (As)	Lugo	1.7
Nigrán	Pontevedra	1.7
Samos	Lugo	1.7
Láncara	Lugo	1.7
Baralla	Lugo	1.6
Becerreá	Lugo	1.6
Cedeira	A Coruña	1.6

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gudiña (A)	Ourense	0.1
Dozón	Pontevedra	0.1
Mezquita (A)	Ourense	0.1
Lalín	Pontevedra	0.2
Rodeiro	Pontevedra	0.2
Allariz	Ourense	0.2
Piñor	Ourense	0.2
Viana do Bolo	Ourense	0.3
Irixo (O)	Ourense	0.3
San Cristovo de Cea	Ourense	0.3

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas comarcas do Deza, Carballiño e Viana do Volo, onde o mes resultou normal.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na primeira xornada do mes de outubro acadáronse os valores máis altos de temperatura principalmente nas zonas máis altas, destaca tamén a do 17 nas zonas de máis baixas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/10/2015	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	29.2
17/10/2015	Areas	Tui	Pontevedra	28.7
17/10/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	28.2
17/10/2015	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	28.1
01/10/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	27.9
17/10/2015	Ourense	Ourense	Ourense	27.9
01/10/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	27.5
17/10/2015	As Eiras	O Rosal	Pontevedra	27.3
17/10/2015	Vigo	Vigo	Pontevedra	27.2
17/10/2015	Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	27.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/10/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	21.1
01/10/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	20.3
23/10/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	20.0
01/10/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	19.6
22/10/2015	Xurés	Muíños	Ourense	19.4
23/10/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	18.6
01/10/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	17.8
23/10/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	17.8
04/10/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	17.7
23/10/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	17.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 15 presentou as mínimas máis baixas en ámbalas dúas altitudes, nas estacións máis elevadas, o día 28 tamén resultou moi frío. Mentres que a primeira xornada do mes tamén presentou mínimas moi baixas por debaixo dos 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/10/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-0.4
27/10/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.4
15/10/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	0.1
15/10/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	0.2
28/10/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.3
15/10/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	0.7
28/10/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.5
28/10/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	1.8
28/10/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.1
15/10/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	2.4

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/10/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-2.4
15/10/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-2.3
15/10/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-1.6
03/10/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	-1.0
01/10/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.2
03/10/2015	Castro De Rei	Castro de Rei	Lugo	-0.1
03/10/2015	Coto Muiño	Zas	A Coruña	0.1
02/10/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	0.2
15/10/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	0.5
03/10/2015	Arzúa	Arzúa	A Coruña	0.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2015 altitude inferior a 1000m.



4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 15.2 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para outubro.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.98 °C, o que fai que o mes poida considerarse cálido. Tanto as anomalías para a temperatura máxima (0.8 °C) como para a mínima (1.2 °C) resultaron tamén cálidas.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

En xeral o mes pódese considerar húmido, aínda que o número de días de chuvia si estivo moi preto da normalidade, o que quere dicir que as xornadas de precipitación foron especialmente chuviosas. Neste senso, compre destacar o episodio do 4 e o 5 no que a chegada dun río atmosférico propiciou a acumulación de importantes cantidades de precipitación.

A chuvia media no mes de outubro obtida a partir dos valores do mapa foi de 181 L/m². Houbo un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. Así, os valores máis altos acadáronse en Fornelos de Montes onde se chegou os 450 L/m² en cambio nas localidades limítrofes co Río Sil acadáronse os valores máis baixos con preto de 53 L/m².

5.1. Precipitación acumulada mensual Outubro 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2015.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 5 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Baixa Limia e na comarca de Viana onde choveu ata uns 104% máis do normal, considerándose estas rexións moi húmida. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 15 % superior ao valor agardado, é dicir, foi un mes húmido pero moi preto da normalidade. Neste ocasión, as comarcas de Quiroga e Ferrol acadaron os valores máis baixos, con ata un 47% menos da precipitación normal, resultando secos.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de outubro de 2015.



5.3. Días de chuvia en outubro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 12.6. Os valores máximos obtivéronse no suroeste da provincia da Coruña e na comarca de Verín, onde case se acadan os 16 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron principalmente en Terra de Celanova, onde o número de días de chuvia máis baixos foi de 8.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de outubro de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro, as provincias de Pontevedra e Coruña e zonas altas da provincia de Ourense, os valores máis altos de precipitación. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. O período que comezou na xornada do día 4 foi a que rexistrou unha maior precipitación neste mes de outubro, destacando tamén o día 28..

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	450
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	407
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	365
Muralla	Lousame	A Coruña	363
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	356
Pereira	Forcarei	Pontevedra	312
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	311
Coto Muiño	Zas	A Coruña	309
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	295
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	294

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	140	04/10/2015 19:20
Ordes	Ordes	A Coruña	126	05/10/2015 5:00
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	115	18/10/2015 21:30
Entrimo	Entrimo	Ourense	111	04/10/2015 23:10
Muralla	Lousame	A Coruña	109	28/10/2015 17:10
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	98	04/10/2015 3:30
A Granxa	Pontearreas	Pontevedra	96	04/10/2015 13:50
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	96	04/10/2015 20:20
Fragavella	Abadín	Lugo	93	18/10/2015 21:00
Cespón	Boiro	A Coruña	93	28/10/2015 17:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2015.



5.4. Evolución da precipitación en outubro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 169 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 19% por enriba do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse como húmido, aínda que preto da normalidade. O ano máis próximo con valores similares foi o 2009.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1971-2000.













6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de outubro. Nas xornadas do 4 e o 5 deste mes, rexistráronse os valores máis altos de refacho máximo de vento en xeral, na Comunidade.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
04/10/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	160.1
04/10/2015	Muralla	Lousame	A Coruña	147.8
04/10/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	145.6
31/10/2015	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	132.5
04/10/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	126.0
04/10/2015	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	123.1
05/10/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	122.8
05/10/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	120.4
28/10/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	120.1
31/10/2015	Xares	A Veiga	Ourense	119.5
04/10/2015	Lira	Carnota	A Coruña	119.2
04/10/2015	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	118.5
04/10/2015	Xurés	Muiños	Ourense	116.4
31/10/2015	Camarifias	Camarifias	A Coruña	115.0
04/10/2015	Ons	Bueu	Pontevedra	112.5
04/10/2015	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	112.3
29/10/2015	Burela	Burela	Lugo	109.3
04/10/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	109.2
04/10/2015	A Lanzada	O Grove	Pontevedra	108.3
04/10/2015	Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	105.4
04/10/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	104.4
04/10/2015	Amiudal	Avión	Ourense	104.1
04/10/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	104.4
04/10/2015	Amiudal	Avión	Ourense	104.1
04/10/2015	Sálvora	Ribeira	A Coruña	103.1
05/10/2015	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	100.8





Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en outubro de 2015.







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	119.2	S	9		
		Día 4				
Pta. Candieira	Cedeira	120.1	NE	7		
		Día 28				
Malpica	Malpica	98.9	E	5		
		Día 4				
Marco da Curra	Monfero	95.7	SE	3		
		Día 4				
Río do Sol	Coristanco	112.3	SE	2		
		Día 4				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Outubro de 2015 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	109.3	E	6		
		Día 29				
Ancares	Cervantes	109.2	S	8		
		Día 4				





Táboa 11: Resumo vento no mes de Outubro de 2015 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	116.4	SO	4		
		Día 4				
Rodicio	Maceda	84.7	SO	9		
		Día 4				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	90.3	SE	29		
		Día 5				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Outubro de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	118.5	S	8		
		Día 4				
Ons	Bueu	112.5	NE	5		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Outubro de 2015 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de outubro de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 267 raios en Galicia, dos que 168 rexistráronse na provincia de A Coruña. A maioría deles rexistráronse na xornada do 5.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en outubro de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en outubro 2015.